

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 24 DE FEBREIRO DE 2022, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

#### DECRETOS

##### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Rois dunha superficie de 4.107,78 m<sup>2</sup> da zona de dominio público adxacente do treito da estrada AC-301, na súa marxe dereita, entre os puntos quilométricos 1+450 e 1+560.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello da Coruña das estradas DP 3001, DP 3003 e DP 3007 na súa totalidade.

#### ACORDOS

##### VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Acordo polo que se aproba o Plan Xacobeo Next Generation: posta en valor de bens de interese cultural no Camiño de Santiago.

##### VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do Convenio entre a Axencia Galega de Innovación e a Fundación Pedro Barrié de La Maza Conde de Fenosa (Fundación Barrié) para a colaboración no impulso da transferencia de tecnoloxía no sistema de I+D+i de Galicia, por importe dun millón douscentos vinte e sete mil setecentos trinta e tres euros (1.227.733,00 €).
- Acordo polo que se declara iniciativa empresarial prioritaria o proxecto de planta ecosaudable con accesibilidade universal, para a elaboración de produtos panificados de nova xeración, promovido por Hornos de Lamastelle, S.A.

##### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Deputación Provincial da Coruña para o funcionamento do centro Rafael Puga Ramón durante o curso escolar 2022/23, por importe de catrocentos noventa mil noventa e seis euros con cincuenta céntimos (490.096,50 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Deputación Provincial da Coruña para o funcionamento do centro de formación profesional Rosalía Mera durante o curso escolar 2022/23, por importe total de cento seis mil novecentos vinte e cinco euros con sesenta e un céntimos (106.925,61 €).

## INFORMES

### CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre medidas de impulso das competencias dixitais.
- Informe sobre as actividades de formación e divulgación en materia de administración electrónica e de seguridade e protección de datos e a súa convocatoria no ano 2022.

### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre adxudicación de solo empresarial e novo concurso para o ano 2022 de Xestur Galicia.

### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Informe sobre protección do patrimonio documental. Axudas aos arquivos de Galicia.

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a creación de unidades multidisciplinares de enfermidades raras.

### CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe en relación coas axudas para facilitar a obtención dos permisos de condución de clases B e C á mocidade galega.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DO MAR

- Informe dos equipamentos portuarios pesqueiros 2016-2021.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA AO CONCELLO DE ROIS DUNHA SUPERFICIE DE MÁIS DE 4.100 M<sup>2</sup> NO DOMINIO PÚBLICO ADXACENTE Á ESTRADA AC-301

- Trátase dunha franxa de terreo situada na marxe dereita da vía autonómica, entre os puntos quilométricos 1+450 e 1+560
- O Concello asume a titularidade do dominio público deste treito e terá a responsabilidade da súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Rois dunha superficie de 4.107,78 m<sup>2</sup> da zona de dominio público adxacente ao treito da estrada AC-301, na súa marxe dereita, entre os puntos quilométricos 1+450 e 1+560.

O Concello de Rois solicitoulle á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a transferencia de titularidade dos citados terreos.

A petición recibe os informes preceptivos da Axencia Galega de Infraestruturas, confirmando a non afectación da franxa de terreo solicitada á explanada do tronco da estrada autonómica AC-301, que seguirá sendo de titularidade autonómica.

A transferencia tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación mediante decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Consello da Xunta o Concello de Rois terá a competencia para actuar na franxa de dominio público adxacente ao citado treito da AC-301 e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DA CORUÑA DAS VÍAS PROVINCIAIS DE ACCESO AO SANATORIO DE SANTA GEMA, EN PALAVEA, DE SAN PEDRO DE VISMA A MAZAIDO E DA GRELA Á MOURA**

- A Consellería de Infraestruturas ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais
- Co cambio de titularidade destas tres estradas provinciais, o Concello terá a competencia para actuar nestas vías con cualificación urbanística de viario público e asume a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello da Coruña das estradas provinciais DP 3001, de acceso ao sanatorio de Santa Gema, en Palavea; a DP 3003, de San Pedro de Visma a Mazaido, e a DP 3007, desde A Grela á Moura.

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña solicitoulle ao Concello da Coruña o cambio de titularidade destas tres estradas provinciais, na súa totalidade, e foi aceptada pola Xunta de Goberno local do Concello da Coruña por transcorreren polo seu termo municipal e teren cualificación urbanística de viario público.

A Axencia Galega de Infraestruturas, vistos os informes emitidos polos servizos competentes, formulou a proposta favorable á transferencia de titularidade da totalidade das tres estradas provinciais. En concreto, transfírense o tramo de 480 metros de lonxitude da estrada DP 3001, os 2,38 km da DP 3003 e os 870 metros da DP 3007.

A transferencia a prol do Concello da Coruña tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación mediante decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións implicadas.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello da Coruña terá a competencia para actuar nestas vías e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA MOBILIZARÁ 27,4 M€ PARA IMPULSAR A POSTA EN VALOR DE 12 BIC NO MARCO DO PLAN XACOBEO NEXT GENERATION

- O Consello da Xunta deu conta hoxe das actuacións que se levarán adiante con fondos europeos en bens inmobles de titularidade pública situados na contorna dos Camiños de Santiago
- Executaranse traballos de rehabilitación de espazos públicos para usos turísticos, como o é o caso da Fortaleza de Monterrei, así como proxectos de impulso da sustentabilidade e mellora da accesibilidade e da eficiencia enerxética
- Este programa encaixa no marco das accións que a Xunta leva adiante para o embelecemento e posta en valor do Camiño de Santiago, que se traduciron nun investimento de 43,5 M€ desde 2015
- Os proxectos terán tres anualidades para a súa execución, ata 2025

O Consello da Xunta deu conta hoxe do investimento de 27,4 millóns en 12 bens inmobles galegos declarados BIC e situados no Camiño de Santiago, no marco do Plan Xacobeo Next Generation, co obxectivo de poñelos en valor no marco da celebración deste Xacobeo 21-22. Estas actuacións realizaranse no marco da convocatoria de subvencións do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo para proxectos sustentables de mantemento e rehabilitación do patrimonio histórico de uso turístico dos Camiños de Santiago do Plan turístico nacional Xacobeo 21-22.

Neste ámbito e no marco das limitacións que establecía a convocatoria nacional, que obrigaba a que os bens fosen de titularidade pública, a Xunta presentou unha batería de actuacións orientadas a producir unha clara mellora do estado dos bens de interese cultural, que foron aprobadas na súa totalidade, o que permitiu que Galicia obtivese o 35 % do orzamento total previsto para todo o territorio nacional do Programa de rehabilitación de patrimonio do Plan turístico nacional, que conta con 65 millóns de euros.

As actuacións aprobadas permitirán executar actuacións de rehabilitación de espazos públicos para o seu uso turístico, introducir melloras de sustentabilidade, accesibilidade e eficiencia enerxética ou modernizar ou impulsar a dixitalización destes espazos.

#### Fondos europeos sen transferir

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
www.xunta.gal



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A través deste actuación mobilizarase un investimento total de 27,4 millóns de euros, cun prazo de execución das actuacións ata o 31 de outubro de 2025. Neste sentido, cómpre destacar que o Estado aínda non transferiu os fondos europeos nin puxo en marcha mecanismos necesarios para a xestión dos fondos, pero a Xunta segue avanzando nos proxectos á espera de que se produza esta transferencia.

Ademais do impacto que terán as actuacións nas persoas que transitan os Camiños de Santiago e para a cidadanía que habita nas localidades do Camiño, estas intervencións poden supoñer unha oportunidade de desenvolvemento laboral e económico para estes territorios.

Este programa encaixa na liña de acción da Xunta para o embelecemento de bens e recursos que se atopan no Camiño, así como para a posta en valor dos bens de patrimonio histórico que teñen que ser conservados e postos ao servizo da sociedade, buscando, asimismo, a dinamización turística dos territorios afectados. De feito, algúns destes bens transfórmanse en albergues de peregrinos (Sobrado dos Monxes, Mosteiro de Oseira...) e outros permiten un aproveitamento turístico.

Todas estas accións encóntranse perfectamente aliñadas coas accións incluídas no Plan director e estratéxico do Camiño de Santiago, no marco do cal se investiron entre 2015 e 2021 máis de 43,5 millóns de euros no correcto mantemento e recuperación do patrimonio, dos cales 16,2 millóns estiveron destinados á conservación integral dos diferentes itinerarios e outros 17,5 millóns a actuacións da mellora de seguridade viaria e paisaxística levadas a cabo pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Ademais, a esta contía engádense 5,2 millóns para melloras en albergues, e cómpre destacar que para este ano se investirán outros 4,6 millóns na rehabilitación e incorporación de cinco novas infraestruturas á rede pública de albergues de peregrinos de Galicia.

As rehabilitacións dos 12 BIC forman parte das actuacións do Plan Xacobeo Next Generation. Tamén se inclúen 2 accións de cohesión impulsadas pola Xunta cun investimento de 10 millóns de euros, por unha parte, para promocionar a Traslato ou Ruta Xacobeá Mar de Arousa e Río Ulla, e por outra, co obxectivo de fomentar Galicia como destino de cicloturismo e o Camiño de Santiago seguro en familia. Ademais, este plan conta con 4 plans de sustentabilidade turística en destino promovidos polas entidades locais, por unha contía de 9,8 millóns. En total, entre as 2 accións de cohesión da Xunta, os 4 proxectos promovidos por entidades locais e as actuacións de rehabilitación de 12 BIC o Plan Xacobeo Next Generation mobilizará uns 47,2 millóns de euros.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Proxectos BIC de Galicia**

As actuacións propostas correspóndense cos seguintes BIC: Arquipélago de Sálvora (968.000 €), Cárcere Vello de Tui (484.000 €), Fortaleza de Monterrei (16.940.000 €), Conxunto Histórico-Artístico de Mondoñedo (330.148 €), Parque do Pasatempo en Betanzos (1.815.000 €), Castelo de Santa Cruz da Guarda (242.000 €), Ribeira do Lérez desde As Xunqueiras ata As Aceñas (1.210.000 €), Torre de Hércules na Coruña (1.203.950 €), Torres do Oeste en Catoira (363.000 €), Paisaxe Cultural da Ribeira Sacra (1.694.000 €), Casa Museo de Valle Inclán de Vilanova de Arousa (522.901 €) e Arquipélago de Ons (1.694.000 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA E A FUNDACIÓN BARRIÉ REFORZAN A SÚA COLABORACIÓN PARA IMPULSAR A TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO NO SISTEMA DE I+D+I GALEGO

- A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a través da Axencia Galega de Innovación (Gain), asinará un convenio con esta entidade por 1,22 M€ para mellorar o achegamento ás empresas galegas dos resultados da investigación
- Búscase impulsar a valorización dos resultados, o seu retorno económico e o posicionamento internacional da ciencia xerada en Galicia
- Entre outras iniciativas, avanza na monitorización do sistema de transferencia, achegarase financiamento e apoio aos procesos de valorización –especialmente no eido dos materiais innovadores e das patentes–, e seguirase apoiando a formación e as competencias profesionais do persoal investigador
- Esta colaboración enmárcase e amplía o labor que a Xunta e a Fundación Barrié están realizando a través do programa Ignicia, que ata o de agora xa financiou un total de 23 proxectos, ao tempo que xerou 67 empregos de alta cualificación

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión desta mañá consolidar a colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a través da Axencia Galega da Innovación (Gain), e a Fundación Barrié, para deste xeito seguir impulsando a transferencia de coñecemento no sistema de I+D+i galego. Para a materialización do acordo, contarase cun orzamento de 1,22 M€, dos cales o Goberno galego achegará un millón. Este nivel de cooperación permitirá ampliar o labor que ambas as institucións realizan a través do programa Ignicia.

Este novo convenio contribúe a mellorar o achegamento ás empresas galegas dos resultados da investigación, con novas fórmulas que permitan un maior aproveitamento por parte do tecido empresarial, así como favorecer o retorno económico dos resultados acadados e promover a mellora do posicionamento internacional da ciencia e a tecnoloxía xerada en Galicia.

Para optimizar a transferencia de coñecemento e tecnoloxía e a valorización comercial dos resultados da investigación, actuarase en diferentes eidos, sobre a base das actuacións xa realizadas pola Gain e a Fundación Barrié nos últimos anos.

Así, seguirase avanzando na monitorización do sistema de transferencia a través da conceptualización e implantación dunha ferramenta de xestión da información. Reforzarase tamén o mecanismo de financiamento actual con novos apoios enfocados a

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

impulsar un programa de proba de concepto para resultados en etapas máis temperás que os que forman parte de Ignicia, así como accións de valorización no eido dos materiais innovadores e das patentes.

Por outra banda, seguirase traballando no fortalecemento das capacidades das estruturas de transferencia. Para conseguilo analizaranse novos modelos de boas prácticas, realizaranse estudos ao respecto, así como unha acción piloto para ensaiar novas fórmulas organizativas. Tamén se impulsarán programas de formación e adestramento para profesionais galegos de transferencia de tecnoloxía e estadias formativas internacionais.

Darase continuidade ás accións formativas destinadas a persoal investigador iniciadas o ano pasado e, ademais, organizaranse encontros de transferencia e innovación que pretenden identificar as necesidades empresariais, así como a posible oferta para activar colaboracións.

Con este convenio preténdese dar resposta á demanda de instrumentos específicos para dinamizar a transferencia detectada no Sistema galego de innovación. De feito, a transferencia é unha das debilidades dos sistemas de innovación a nivel europeo e o seu impulso é un dos obxectivos prioritarios da Axencia Galega de Innovación recollido na Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia.

O acordo permite ampliar a cooperación establecida a través do Ignicia, que vai pola súa terceira edición e que, ata o momento, xa financiou un total de 23 proxectos cun investimento de 10,2 millóns de euros. Este programa permitiu a xeración de 67 empregos de alta cualificación, a creación de nove *spin-offs* e once acordos de licenza.

En definitiva, Galicia segue avanzando na mellora da competitividade empresarial e no impulso da I+D+i, así como na atracción de investimentos vinculados a este ámbito.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DECLARA INICIATIVA EMPRESARIAL PRIORITARIA A PLANTA ECOSAUDABLE PARA ELABORACIÓN DE NOVOS PRODUTOS PANIFICADOS NA CAL HORNOS DE LAMASTELLE PREVÉ INVESTIR 10 M€ EN CARBALLO**

- O proxecto impulsará a creación de riqueza e o sostemento do emprego, consolidando o cadro de persoal existente, que suma preto de 100 empregados, todos eles cunha discapacidade igual ou superior ao 33 %
- O traslado da produción a unha nova instalación busca ampliar a capacidade produtiva da empresa, permitindo aumentar as súas vendas e a súa cota de mercado
- O acordo do Consello da Xunta enmárcase dentro da filosofía da Lei de simplificación administrativa, potenciando a captación de investimentos e a xeración de emprego de calidade, e mantendo todas as garantías xurídicas durante a tramitación do proxecto
- Ata o de agora, son 10 iniciativas as que se adheriron a esta figura en Galicia, cunha mobilización global de preto de 160 M€ e ao redor de 500 empregos

O Consello da Xunta declarou hoxe como iniciativa empresarial prioritaria o proxecto de Hornos de Lamastelle, no polígono industrial de Carballo, para impulsar unha nova planta ecosaudable encamiñada á elaboración de produtos panificados. Na iniciativa a empresa prevé investir 10 millóns de euros, contribuíndo deste xeito á creación de riqueza e á consolidación de emprego de calidade.

Neste sentido, a proposta céntrase na construción dunha infraestrutura dotada con accesibilidade universal para a elaboración de produtos panificados de nova xeración, algo para o que resulta necesaria unha nova instalación que consolide e amplíe a capacidade de produción optimizando os procesos. Deste xeito, mellóranse as condicións laborais do cadro de persoal, garantindo tamén o emprego dos 100 traballadores, todos eles cunha discapacidade igual ou superior ao 33 %.

A nova planta aspira tamén a diversificar a produción, o que permitirá ampliar a cota de mercado e aumentar vendas a través da canle Horeca. Así, unha das liñas de diversificación suporá a elaboración de produtos ecolóxicos e outros produtos con indicativo de calidade como a torta de Santiago con indicación xeográfica protexida (IXP).

Así mesmo, a modernización destes procesos produtivos e o investimento en xestión de residuos e eficiencia enerxética facilitaranlle á empresa a obtención de certificacións de calidade, sustentabilidade e seguridade alimentaria, facendo máis accesibles os mercados internacionais.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta declaración –aprobada no Consello da Xunta por petición do Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe), dependente da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación– enmárcase dentro da filosofía da Lei de simplificación administrativa, o que supón, na práctica, a redución á metade dos prazos de tramitación para levar a cabo un proxecto, ratificando igualmente todas as garantías xurídicas durante o procedemento. Así, poténciase a captación de investimentos para Galicia e a creación de emprego de calidade. Neste caso concreto, pode facilitar o desenvolvemento dunha iniciativa que permitirá crear máis dun centenar de postos de traballo entre emprego directo e indirecto.

O proxecto súmase ás nove iniciativas empresariais prioritarias xa declaradas, entre elas as lideradas por Cortizo (Padrón), Albo (Salvaterra de Miño), Oviganic (Monforte de Lemos) ou Novafrigsa (Lugo), do grupo Coren.

Neste marco, os investimentos totais programados polas empresas roldan os 160 M€ e o compromiso de xerar ao redor de 500 postos de traballo. Polo tanto, esta figura busca potenciar novas oportunidades empresariais e laborais en Galicia con máis simplificación administrativa, máis incentivos fiscais ás empresas e máis facilidades para acceder ao solo empresarial.

A declaración de proxectos empresariais como prioritarios implica tamén a concorrencia de razóns de interese público para tramitar de maneira urxente os procedementos administrativos, así como o seguimento e impulso dos trámites posteriores necesarios a través da Oficina *Doing Business*, creada pola Xunta de Galicia para contribuír á eliminación de obstáculos e barreiras á actividade empresarial.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA RENOVA A SÚA COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA O SOSTEMENTO DOS CENTROS DE ENSINO PUGA RAMÓN E ROSALÍA MERA

O obxectivo é apoiar estes centros a través dun investimento de case 600.000 €

A Xunta de Galicia renovará a súa colaboración coa Deputación da Coruña para o sostemento dos centros educativos Puga Ramón e Rosalía Mera. O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dos convenios correspondentes ao cofinanciamento destes centros o curso 2022/23.

En total achegaranse preto de 600.000 € para apoiar o servizo público educativo dos máis de 700 alumnos que están escolarizados nestes centros. O orzamento comprometido pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade destinarase a financiar durante o vindeiro curso parte dos gastos de persoal (docente e de administración e servizos), gastos xerais (subministración, reparacións), mantemento, limpeza e conservación.

O departamento educativo da Xunta de Galicia vén prestando o seu apoio á institución provincial para o soporte destes dous centros educativos desde hai anos, de tal xeito que a renovación desta colaboración dá continuidade ao compromiso do Goberno galego con eles.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 27 MILLÓNS DE EUROS ATA 2025 PARA IMPULSAR A CAPACITACIÓN DIXITAL DOS GALEGOS

- Os obxectivos establecidos na Estratexia Galicia dixital 2030 e no Plan de recuperación e resiliencia é que o 70 % dos galegos teñan competencias dixitais básicas en 2025 e que máis de 45.000 persoas consigan a acreditación en competencias dixitais en tres anos
- O Plan de ampliación e reforma da Rede de aulas CeMIT e o Marco galego de competencias dixitais serán instrumentos chave para non deixar a ninguén atrás
- No primeiro semestre do ano asinarase un novo acordo marco coa Fegamp para reformular a Rede e posteriormente abrirase unha convocatoria para a ampliación de ata 30 aulas
- Estase a traballar no deseño dos plans formativos para que cidadáns e empregados públicos poidan conseguir a acreditación en competencias dixitais e en marzo publicarase un portal informativo
- Este ano a Rede CeMIT ofrece máis de 35.000 horas de formación e 1.300 prazas para participar nas súas actividades
- Nas actividades da Rede colaboran máis de 900 aliados dixitais, entre empresas, entidades e persoas voluntarias

A Xunta investirá 27,1 millóns de euros ata 2025 para impulsar a capacitación dixital dos galegos a través de dúas iniciativas, o Plan de ampliación e reforma da Rede de aulas CeMIT e a o Marco galego de competencias dixitais. Ambas son medidas esenciais para cumprir os obxectivos marcados na Estratexia Galicia dixital 2030 de que en 2025 o 70 % dos galegos e galegas teña competencias dixitais básicas, fronte ao 52,1% actual, e o establecido polo Plan de recuperación e resiliencia de formar en competencias dixitais 45.790 persoas nos vindeiros tres anos.

Baixo estas premisas, os esforzos do Goberno galego centraranse nas actividades de capacitación das aulas CeMIT, que durante 2022 prevén impartir 35.000 horas de formación, con máis de 1.300 prazas, facendo foco na adquisición de competencias por parte das persoas con máis dificultades para acceder á contorna dixital. Nestas actividades participan tamén os 957 aliados dixitais da Rede, integrados por empresas, entidades, persoas voluntarias e asociacións como a Federación Galega de Asociacións Universitarias Sénior, que para este ano ten previstos 60 cursos destinados ás persoas maiores. Precisamente, este ano Galicia, a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e en colaboración coa Asociación Somos Digital, liderará o 17 de maio os actos do Día da Internet, que xirarán arredor da temática “tecnoloxías dixitais para as persoas maiores e o envellecemento saudable”.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, cómpre destacar a actividade dinamizadora das aulas, que tamén ofrecen acompañamento, asesoramento e atención personalizada, favorecen o impulso das vocacións tecnolóxicas, a mellora da empregabilidade, a promoción das competencias dixitais nas mulleres do rural e o envellecemento activo.

### **Reforma e ampliación da Rede**

A Xunta acaba de pór en marcha o Plan de ampliación e reforma da Rede CeMIT para abordar de xeito progresivo ata 2025 a transformación física e arquitectónica dos centros; a dotación de equipamento tecnolóxico punteiro; a ampliación de ata 30 novas aulas; a posta en marcha un novo servizo de aula móbil; o reforzo dos servizos dixitais e adaptar a estratexia formativa ao novo Marco galego de competencias dixitais.

Para abordar este proceso asinarase un novo convenio coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) no primeiro semestre do ano e establecerase un mecanismo de adhesión para ata unha trintena de concellos que estean interesados en incorporarse á Rede.

Ademais, a Xunta adherirase o 23 de febreiro ao convenio subscrito polas comunidades de Castilla y León, Andalucía e Valencia para compartir e desenvolver conxuntamente contidos para impulsar a capacitación dixital.

### **Máis de 100.000 usuarios**

Actualmente a Rede CeMIT, posta en marcha pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) en 2011, conta coa colaboración de 91 concellos e está integrada por 97 centros distribuídos en 52 comarcas.

A Rede ten rexistradas máis de 104.000 persoas usuarias, das cales un 59 % son mulleres. As persoas de 55 anos ou máis representan o 27,5 % dos usuarios, unha porcentaxe que se incrementou nun 31 % desde os inicios da Rede CeMIT, xa que en 2012 era do 21 %.

Na Rede ofertáronse, desde 2011, máis de 453.700 horas de formación que, unidas ás restantes iniciativas postas en marcha polo Goberno galego para lograr a inclusión dixital, contribuíron a que o 87,1 % dos galegos e galegas empreguen a internet, segundo os últimos datos do INE. Esta porcentaxe supón un incremento de máis do 85 % con respecto ao dato de 2010, en que a usaba o 47 %.

### **Portal Marco galego de competencias dixitais**

A Xunta está a traballar no desenvolvemento dos plans de capacitación e acreditación e a as probas de avaliación e autoavaliación que permitirán o acceso á acreditación das

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

competencias dixitais segundo recolle o Marco galego de competencias dixitais, cuxo decreto foi publicado o pasado mes de setembro.

Nas vindeiras semanas está previsto que se publique o portal que recollerá a información relativa ao Marco galego de competencias dixitais, <https://competenciasdixitais.xunta.gal/>.

Inicialmente, implantarase plans de capacitación para a cidadanía e os empregados públicos a través da Rede CeMiT e da Escola Galega de Administración pública, independentemente de que se poidan establecer acordos con outras institucións ou entes colaboradores.

O certificado galego en competencias dixitais validará 21 competencias englobadas en 5 áreas de dominio: información e datos, comunicación e colaboración, creación de contido dixital, seguridade e privacidade e solución dos problemas.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA INCREMENTA A FORMACIÓN DOS EMPREGADOS PÚBLICOS RELATIVA ÁS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN

- Grazas á sinatura dun convenio entre a Escola Galega de Administración Pública e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, en 2022 convocaranse máis de 3.800 prazas en materia de administración electrónica, seguridade da información e protección de datos persoais
- Desde o ano 2018 programáronse preto de 11.900 prazas cun investimento de máis de 451.000 euros

A Xunta, a través dun convenio asinado entre a Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), convocará este ano un total 3.834 prazas formativas, distribuídas en 88 cursos, sobre tecnoloxías da información e da comunicación.

Así se desprende dun informe analizado hoxe na reunión do Consello da Xunta que recolle que estas actividades terán como finalidade formar o persoal empregado público da Comunidade Autónoma en materia de administración electrónica, seguridade da información e protección de datos persoais.

Mediante a sinatura deste convenio, ambas as partes organizarán de maneira conxunta actividades formativas que afianzarán a adaptación dos empregados públicos á administración electrónica co fin de lograr unha maior transparencia na xestión, achegar a Administración ás persoas, incrementar a axilidade e a eficiencia e conseguir unha maior accesibilidade.

O programa formativo previsto no convenio estruturarase ao redor das áreas de administración electrónica, seguridade da información e protección de datos, das cales se convocarán unha ampla gama de cursos de formación continua e superiores.

A través desta actuación, os empregados públicos poderán actualizar os seus coñecementos co estudo das novidades normativas máis recentes e coa aprendizaxe do uso das solucións informáticas creadas especificamente para a administración telemática autonómica.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así, convocaranse cursos específicos sobre as ferramentas do teletraballo, o sistema electrónico de facturación (SEF), o sistema de licitación electrónica (Silex) ou o xestor de expedientes de contratación (Plation), entre outros.

Desde o inicio da colaboración entre os dous organismos, no ano 2018, a Xunta incrementou progresivamente tanto o investimento coma o número de prazas convocadas. Neste marco, desde ese ano programáronse preto de 11.900 prazas, cun investimento de máis de 451.000 euros.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA OFRECE MÁIS DE 1,36 MILLÓNS DE m<sup>2</sup> DE SOLO URBANIZADO EN 37 PARQUES EMPRESARIAIS DE GALICIA

- A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda convocará mañá o concurso para a adquisición de máis de 680.000 m<sup>2</sup> en 17 polígonos de Xestur
- Por primeira vez o solo destes parques poderá ser adquirido baixo unha nova modalidade, o réxime de compravenda con pagamento aprazado, que permite aboar o 80 % do prezo de venda en 8 anos
- A oferta de solo complétase con outros 120.000 m<sup>2</sup> (41 parcelas) que Xestur sacará a concurso ao longo do ano e cos 559.469 m<sup>2</sup> dispoñibles para compra directa, propiedade do IGVS, distribuídos en 188 parcelas de 19 polígonos
- O Goberno galego adxudicou desde 2015 case 2,5 millóns de m<sup>2</sup> de solo empresarial a máis de medio milleiro de empresas, dos cales un 93 % foi vendido a un prezo bonificado tras aplicarlle descontos que suman 73,5 millóns de euros

A Xunta ofrece ao tecido empresarial que aposte por Galicia máis de 1,36 millóns de m<sup>2</sup> de solo urbanizado, distribuídos en 484 parcelas de 37 polígonos ao longo da xeografía galega, para asentarse ou ampliar os seus negocios.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda presentou un informe no Consello da Xunta en que se recollen as actuacións máis inmediatas que se poñerán en marcha, así como un balance da adxudicación de solo desde o 2015, ano en que o Goberno galego iniciou a súa política de incentivos.

Así, a empresa pública Xestur convocará de xeito inmediato —mañá, 25 de febreiro— o concurso para a adxudicación de solo empresarial da súa propiedade. Ofreceranse un total de 255 parcelas, localizadas en 17 parques empresariais, cunha superficie total de 683.203,88 m<sup>2</sup>.

Unha das novidades do concurso deste ano é que se inclúe unha nova modalidade de compra: a adxudicación de solo en compravenda con pagamento aprazado, con base no cal o adquirente deberán pagar un 20 % —máis o IVE total— ao asinar a escritura. O 80 % restante poderá aboalo nun prazo máximo de oito anos, sen xuros, durante os primeiros catro anos e coa posibilidade dun ano de carencia.

Esta nova modalidade de adxudicación súmase ás tres xa existentes —adxudicación con prezo bonificado, adxudicación en dereito de superficie e adxudicación en alugueiro—, coa diferenza de que non se lle aplica unha bonificación ao prezo de venda, aínda que si se facilitan as condicións de aboamento.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así mesmo, Xestur sacará a concurso outros 120.000 m<sup>2</sup> ao longo do ano, un total de 41 parcelas de tres ámbitos que actualmente se atopan en desenvolvemento.

O solo empresarial dispoñible en Galicia complétase coa superficie propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo, que ofrece 559.469 m<sup>2</sup> para a venda, distribuídos en 188 parcelas de 19 polígonos.

Neste caso, a adxudicación de solo pode facerse de forma directa, segundo o establecido nas bases do concurso convocado en 2021, e aplícanse bonificacións sobre o prezo dun 50 %, agás en dous casos en que o desconto é do 30 % e na Plisan, onde non hai incentivos, pero o prezo está axustado ao máximo como medida de impulso ás primeiras implantacións.

### **A Xunta, única Administración que aplica incentivos**

O Goberno galego decidiu no ano 2015 aplicar un política de incentivos para mobilizar a venda de solo empresarial. É a única administración pública que ofrece estas bonificacións.

Desde o ano 2015 a Xunta adxudicou 2,5 millóns de m<sup>2</sup> de solo empresarial, dos cales un 93 % foi en compravenda, mentres que o resto foi asignados en dereito de superficie.

O solo adxudicado en compravenda supuxo un desembolso por parte dos adquirentes de 122,6 millóns de euros, despois de aplicarse bonificacións por importe de 73,5 millóns.

Por outra parte, o solo adxudicado en dereito de superficie ten un prezo de remate de algo máis de 16 millóns de euros, de xeito que o valor do solo empresarial da Xunta de Galicia supera os 200 millóns de euros desde 2015.

En total, foron máis de medio milleiro as empresas adxudicatarias de solo, que representan un investimento directo de máis de 650 millóns de euros, coa creación duns 6.000 empregos.

Cómpre recordar que a Xunta fixou un orzamento de 34,3 millóns de euros nas conta de 2022 para financiar actuacións de solo empresarial, dos cales 7,5 millóns de euros se destinarán a bonificar a adquisición de solo e a partida restante, 26,6 millóns de euros, servirá para impulsar actuacións que optimicen os parques empresariais de toda Galicia.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DESTINOU CASE 2 M€ DESDE 2009 Á MELLORA E DIXITALIZACIÓN DE FONDOS DOCUMENTAIS DOS ARQUIVOS MUNICIPAIS, UNIVERSITARIOS E SEN ÁNIMO DE LUCRO

- O Consello da Xunta informa da actividade para o apoio dos 379 arquivos do Sistema de arquivos de Galicia no marco da Lei de patrimonio cultural e da Lei de arquivos e documentos
- Especialmente desde o ano 2017, estase apostando por impulsar a transformación dixital dos documentos para mellorar a súa conservación e difusión
- Ao redor do 60 % das axudas destináronse aos arquivos da Administración local, un 30 % aos arquivos sen fin de lucro e preto do 10 % aos universitarios

A Xunta de Galicia destinou desde 2009 preto de 2 M€ para custodiar, protexer e mellorar o patrimonio documental galego nos preto de 400 arquivos do Sistema de arquivos de Galicia, que inclúe tanto os municipais como os das universidades ou de entidades sen ánimo de lucro. O Consello da Xunta informou hoxe da actividade levada a cabo nos últimos anos para apoiar os arquivos galegos, que se saldou cun investimento de 1.766.170 euros en diferentes liñas de axuda. Deles, preto do 60 % destinouse aos arquivos da Administración local, un 30 % aos arquivos sen fin de lucro e preto do 10 % aos universitarios.

Ao abeiro do apoio levado a cabo pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, contribuíuse á mellora substancial, material e organizativa de arquivos de toda Galicia e entidades privadas como a Fundación Vicente Risco, a Fundación Uxío Novoneyra, a Fundación Rosalía de Castro, a Sociedade Galega de Historia Natural, a Real Academia Galega, o Arquivo da Catedral de Santiago, o Arquivo Diocesano de Santiago, o da Catedral de Tui ou a Fundación 10 de marzo, entre outras entidades.

#### **Rico patrimonio arquivístico**

En concreto, melloráronse as instalacións dos arquivos pero tamén foron dotadas de ferramentas de xestión documental integrais que permitiron dixitalizar a súa xestión e gañar seguridade na conservación dos datos asociados aos fondos. Tamén se contribuíu a restaurar e recuperar fondos de gran valor que estaban danados e en moi mal estado de conservación.

Especialmente a partir do ano 2017, o traballo levado a cabo pola Xunta facilitou tamén o acceso e dixitalización de valiosos fondos documentais de institucións públicas e privadas que custodia a historia individual e colectiva de Galicia, mesmo moitos deles forman parte do repositorio *Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia*, que en hoxe e día conta

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

con arredor de 3 millóns de documentos dixitalizados. Tamén se contribúe a difundir os fondos, para o mellor coñecemento de investigadores e da cidadanía en xeral.

Todo este apoio se enmarca no traballo da Xunta por fomentar medidas e actuacións dirixidas a garantir a protección do patrimonio cultural de Galicia ao abeiro da Lei do patrimonio cultural de Galicia e da Lei de arquivos e documentos. Ademais das accións de protección, conservación e difusión que exerce a Xunta sobre o patrimonio da súa titularidade ou baixo a súa custodia, estanse a levar a cabo accións de fomento que benefician os fondos patrimoniais de carácter documental de arquivos e entidades alleos á Xunta, tanto públicos como privados, que forman parte do Sistema de arquivos de Galicia.

Conta cunha liña de axudas específica que convoca cada ano de xeito habitual de 145.000 euros. A deste ano está en tramitación e está dirixida a entidades locais e privadas sen fins de lucro.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA PON EN MARCHA AS TRES UNIDADES MULTIDISCIPLINARES PREVISTAS NA ESTRATEXIA GALEGA DE ENFERMIDADES RARAS

- Con base en Vigo, A Coruña e Santiago, son os dispositivos asistenciais encargados das actividades que comprenden o diagnóstico e seguimento destes doentes, ademais de constituír un dos piares básicos da Estratexia galega en enfermidades raras
- Cada unha destas unidades está formada por un equipo cun especialista en medicina interna, un pediatra e un profesional de enfermaría clínico, cun perfil definido, e coñecemento e experiencia nestas enfermidades
- Para o deseño da Estratexia galega en enfermidades raras contouse cun grupo amplo de profesionais relacionados con estas doenzas raras, así como con pacientes afectados e coas súas familias, que puxeron de manifesto as súas necesidades

A Xunta de Galicia puxo en marcha esta mesma semana as tres unidades funcionais multidisciplinares (UFM) previstas na Estratexia galega de enfermidades raras, aprobada o pasado mes de maio no Consello da Xunta. Estas unidades están situadas fisicamente no Hospital Álvaro Cunqueiro en Vigo, no Hospital Universitario de Santiago de Compostela e no Hospitalario Universitario da Coruña.

As tres novas UFM son dispositivos asistenciais encargados das actividades que comprenden o diagnóstico e seguimento dos pacientes con enfermidades raras (ER). Cada unha destas unidades está formada por un especialista en medicina interna, un especialista en pediatría e un profesional de enfermaría, cun perfil definido, e coñecemento e experiencia nestas enfermidades. Contan, ademais, cunha axenda específica para a citación de pacientes e recepción de e-interconsultas.

As principais funcións destas unidades están relacionadas coa atención inicial aos pacientes con sospeita de padecer unha enfermidade rara, o seguimento de pacientes con status de ER non filiada (cando se sabe que estamos ante un paciente afecto dunha enfermidade rara pero sen ter acadado aínda un diagnóstico preciso) e o seguimento de pacientes con ER multisistémicas (que afectan varios órganos ou sistemas). A maiores, tamén son responsables da actividade asistencial en consulta física a pacientes (valoración, información, revisión de probas e tratamento); a elaboración da árbore xenealóxica dos doentes e a relación de posibles familiares afectados; e a xestión de citas e probas diagnósticas conxuntamente cos servizos de admisión desde a axenda de ER.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, as UFM serán as encargadas de convocar o Comité Clínico de Enfermidades Raras, constituído por tantos profesionais como sexan necesarios para cada caso. Tamén realizarán tarefas de coordinación con outros servizos hospitalarios e os centros, servizos e unidades de referencia (CSUR) ou coas outras UFM, traballando en rede.

Considéranse enfermidades raras aquelas que, con perigo de morte ou invalidez crónica, teñen unha prevalencia menor de cinco casos por 10.000 habitantes e afectan un número importante de pacientes. Estímase que existen unhas 7.000 enfermidades raras diferentes que afectan entre un 5 % e un 7 % da poboación, o que en Galicia supón 200.000 persoas afectadas.

### **Estratexia galega de enfermidades raras**

O desenvolvemento da Estratexia galega en enfermidades raras ten un horizonte temporal de 4 anos (2021-2024) e naceu co obxectivo de establecer un novo modelo asistencial para este tipo de doenzas que garanta un prazo de diagnóstico máis reducido, unha menor variabilidade no manexo e unha xestión máis áxil, coordinada e eficiente.

Para a súa atención, precísase dunha abordaxe específica dada a alta complexidade destas patoloxías. A cotío, as enfermidades raras afectan múltiples órganos e sistemas, con ampla diversidade de síntomas e desordes mesmo dentro da mesma patoloxía. Ás dificultades na detección temperá súmanse outros factores, como a baixa dispoñibilidade de tratamentos curativos, a importante carga de enfermidade ou a escaseza de información para profesionais e pacientes.

Desde que o 25 de xuño do ano pasado se presentase oficialmente a Estratexia leváronse a cabo diferentes accións, como o impulso para o desenvolvemento do Rexistro Galego de Enfermidades Raras (Rerga); a redución dos tempos de diagnóstico en patoloxías raras; a constitución da Comisión Galega en Enfermidade Raras e o establecemento de grupos e liñas de traballo; e o desenvolvemento das accións necesarias para a posta en marcha das UFM, para o cal foi necesario, entre outros, o deseño do Plan Funcional, para a súa ordenación e constitución. Estas accións foron desenvolvidas con fondos europeos, que achegaron 150.000 euros.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA OUTORGA A PRETO DE 3500 MOZAS E MOZOS GALEGOS UNHA AXUDA PARA A OBTENCIÓN DO CARNÉ DE CONDUCIR E MELLORAR A SÚA EMPREGABILIDADE**

- O Goberno galego destinou 1,5 millóns de euros nas últimas dúas convocatorias desta iniciativa
- A Administración autonómica achega 400 euros para o pago do permiso de tipo B (turismo) e 650 euros para o de tipo C (camión)

O Consello da Xunta vén de coñecer un informe sobre as axudas para a obtención do carné de conducir que se outorgaron a 3500 mozas e mozos galegos para mellorar a súa empregabilidade e autonomía. O Goberno galego destinou máis de 1,5 millóns de euros nesta iniciativa, que se retomou no 2020 e que leva dúas convocatorias.

A través desta axuda, a Administración autonómica achega 400 euros para o pago do permiso de tipo B (turismo) e 650 euros para o permiso de tipo C (camión). Deste xeito, en torno a 3300 mozas e mozos foron beneficiarios desta axuda para o pago do seu carné de turismo e preto de 200 fixérono para o permiso de camión.

O informe que hoxe comprobou o Consello sinala que, tendo en conta o custo medio da obtención do carné en Galicia, o Goberno galego financia o 50% do seu pago. O documento tamén destaca a empregabilidade da medida, pois o 30% dos seus beneficiarios obtiveron un emprego logo deste apoio.

Por esa mesma razón, e porque a iniciativa se enmarca no obxectivo que ten a Xunta de Galicia de mellorar as habilidades e capacidades da mocidade galega para que poidan ter máis oportunidades, daralle continuidade á medida cunha nova convocatoria de axudas este ano.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **GALICIA INVESTIU NO ÚLTIMO LUSTRO MÁIS DE 13 M€ EN PRETO DE 350 PROXECTOS DE MELLORA DE INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS DE LONXAS E PORTOS**

- As iniciativas desenvolvidas contribuíron a avanzar na seguridade e condicións de traballo dos profesionais do mar, así como na conservación das descargas de peixe e marisco, a súa rastrexabilidade, a selección ou a etiquetaxe
- As actuacións postas en marcha, recollidas nun informe que analizou hoxe o Consello da Xunta, tamén permitiron avanzar na eficiencia enerxética das instalacións e na protección do medio ambiente
- O *Diario Oficial de Galicia* publicou a finais de xaneiro a convocatoria de achegas de 2022 para este tipo de iniciativas, que conta cun orzamento de 7,4 millóns de euros e para a cal aínda está aberto o prazo de solicitudes

A Consellería do Mar, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, apoiou con máis de 13 millóns de euros entre 2016 e 2021 distintas actuacións nos portos pesqueiros galegos para a modernización e mellora das infraestruturas vencelladas coa súa actividade, así como a subministración de equipamentos e servizos para optimizar a comercialización dos produtos do mar nas lonxas e portos. En total puxéronse en marcha preto de 350 proxectos que contribuíron a mellorar a seguridade e as condicións de traballo dos profesionais do sector marítimo-pesqueiro, así como a conservación do peixe e do marisco, a súa rastrexabilidade, a selección ou a etiquetaxe, entre outros avances.

Estes apoios, recollidos nun informe que analizou hoxe o Consello da Xunta, enmárcanse na estratexia de mellora constante dos portos pesqueiros, lugares de desembarque, lonxas e fondeadoiros da Comunidade. As achegas permitiron o desenvolvemento de 294 proxectos ao abeiro do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) –que financiou o 75 % dos investimentos e o Executivo galego o 25 % restante– e 54 realizados integramente con fondos propios da Xunta. Estas accións supuxeron un investimento total de máis de 11,7 millóns de euros, no caso das cofinanciadas co FEMP, e máis de 1,3 millóns nas actuacións desenvolvidas unicamente co financiamento da Administración autonómica.

Moitas destas iniciativas puxéronse en marcha grazas ás convocatorias de axudas que realiza anualmente a Consellería do Mar co obxectivo de mellorar a calidade e incrementar o control e a rastrexabilidade dos produtos desembarcados, aumentar a eficiencia enerxética, contribuír á protección do ambiente e mellorar a seguridade e as condicións de traballo dos pescadores.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Trátase de convocatorias vivas, que van sumando novos investimentos cada ano para adaptarse ás necesidades do sector, o que permitiu que desde 2021 sexan subvencionables novas actuacións en materia de eficiencia enerxética ou as que teñen como obxectivo mellorar a seguridade e as condicións de traballo das persoas pescadoras como consecuencia da crise sanitaria provocada pola COVID-19.

Desde o ano pasado tamén se ampliaron os posibles beneficiarios pois ás confrarías de pescadoras engádense ás organizacións de produtores de pesca, as cooperativas do sector, ás asociacións profesionais de persoas mariscadoras a pé e ás asociacións profesionais de redeiras.

En canto á tipoloxía das accións desenvolvidas cos fondos europeos, a maior parte – preto de 250– correspóndese coa subministración de equipamentos e bens para mellorar as instalacións e a súa eficiencia, 34 para a dotación de servizos nas lonxas – fundamentalmente melloras na comercialización a través das distintas canles, así como na emisión de documentos e nas xestións administrativas das lonxas e confrarías– e 14 relacionadas con obras para a modernización ou mellora das súas infraestruturas.

### **Mellores equipamentos**

As achegas concedidas nos últimos exercicios para a mellora neste eido permitiron dotar as confrarías de novos equipamentos como sistemas de varada de embarcacións, guindastres, casetas desmontables para vestiarios das mariscadoras e mariscadores, colectores e equipamentos de limpeza para as lonxas ou produtores de xeo, entre outros. A maiores, tamén favoreceron actuacións en materia de eficiencia enerxética como a modernización dos sistemas de iluminación interiores dos edificios, o aforro enerxético das instalacións de frío ou o uso de enerxías renovables mediante a instalación de paneis solares fotovoltaicos.

O informe analizado polo Consello da Xunta recolle algunhas das actuacións máis importantes realizadas neste eido, como a obra de mellora das condicións hixiénico-sanitarias e de ampliación para a creación dun espazo para visitantes da lonxa de Testal, Noia, cun investimento de preto de 584.000 euros; a mellora das instalacións de frío da lonxa de Cedeira, cun importe de máis de 500.000 euros; a compra dun túnel de lavado de caixas por 165.000 euros para a confraría de Camariñas; ou a mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de frío da lonxa de Muxía, cun investimento de case 75.000 euros.

O documento tamén aborda a convocatoria para 2022 de axudas a proxectos colectivos de modernización das infraestruturas dos portos pesqueiros, das lonxas e dos lugares de desembarque para a mellora da eficiencia enerxética, da protección do ambiente, da

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

seguridade e das condicións de traballo e da calidade, control e rastrexabilidade dos produtos desembarcados da pesca. A orde, que saíu publicada no *Diario Oficial de Galicia* o 31 de xaneiro, conta cun orzamento de 7,4 millóns de euros e hai de prazo ata comezos de marzo para solicitar as axudas.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)